



IX CARREIRA DA AUGA UNICEF SADA 29 de setembro do 2019



IX CARREIRA DA AUGA UNICEF SADA

DOMINGO 29 DE SETEMBRO DO 2019



Regulamento

O total da inscrición será doado a UNICEF

ORGANIZA: Club Atletismo Sada

Concello de Sada

PATROCINA: Disnav, Distribuciones Navideñas

Obra Social La Caixa

Nosolomadera

Base: Todo Deporte



IX CARREIRA DA AUGA UNICEF SADA 29 de setembro do 2019



Colaboradores:

a favor de
unicef 



Obra Social "la Caixa"

base :
Todo Deporte





IX CARREIRA DA AUGA UNICEF SADA 29 de setembro do 2019



- **LUGAR DE SAÍDA:**

Paseo Marítimo xunto a Casa da Cultura Pintor Llorents, Sada

O evento componse de:

- Carreira 10.000 mts (Sub 23 en adiante)
- Carreira 5.000 mts (Sub18/20 en adiante)
- Carreira de 1.000 mts (Sub16)
- Competicións para Nenos
- Andaina longa 11 km e curta 3 km aprox

Estas carreiras (menos os adultos no 5.000) forma parte do VII Circuito de Carreiras populares da Deputación Provincial Da Coruña e como tal réxese polo regulamento de tal circuito, que podedes ver [aquí](#)

https://www.dacoruna.gal/files/3915/5196/6920/Bases_2019-res_EXTRACTO.pdf e está incluída no calendario oficial da Federación Galega de Atletismo.

- **CATEGORIAS**

Prebiberóns 2016-2017-2018 Homes e mulleres, 100 m

Biberóns 2014-2015 Homes e mulleres, 100 m

Prebenxamín nados 2012-2013 Homes e mulleres, 350 m

Sub10 nados 2010-2011 Homes e mulleres, 350 m

Sub12 nados 2008-2009 Homes e mulleres, 700 m

Sub14: nados 2006-2007 Homes e mulleres, 700 m

Sub16: nados 2004-2005 Homes e mulleres 5 km

Sub 18/20 :nados 2000-2001-2002-2003 Homes e mulleres 5 km

Sub23/Sénior (Sénior) nacidos en 1999 ata 34 anos homes e mulleres 5km/10 km

Master 1 de 35 ata 44 anos Homes e mulleres 10 km

Master 2 de 45 ata 54 anos Homes e mulleres 10 km

Master 3 de 55 ata 64 anos Homes e mulleres 10 km

Master 4 de 65 anos en adiante Homes e mulleres 10 km



IX CARREIRA DA AUGA UNICEF SADA 29 de setembro do 2019



5.000 mts:

Sub23/Sénior (Sénior) nacidos en 1999 ata 34 anos homes e mulleres 5km

Master A de 35 ata 44 anos Homes e mulleres 5 km

Master B de 45 anos en adiante Homes e mulleres 5 km

• HORARIOS

- 10:00 Sub23, Seniors e Master 10 km
- 10:01 Andaina Longa 11 km
- 10:15 Sub18/20, Sub23, Sénior e Marter 5 km
- 11:15 Quecemento nenos
- 11:30 Nadas 2012/2013 Prebenxamíns Feminino
- 11:33 Nados 2012/2013 Prebenxamíns Masculino
- 11:36 Nadas 2010/2011 Sub10 Feminino
- 11:39 Nados 2010/2011 Sub10 Masculino
- 11:42 Nadas 2008/2009 Sub12 Feminino
- 11:49 Nados 2008/2009 Sub12 Masculino
- 11:56 Nadas 2006/2007 Sub14 Feminino
- 12:03 Nados 2006/2007 Sub14 Masculino
- 12:10 Nados 2004/2005 Sub16 Mixto
- 12:25 Nacid@s 2014/2015 Biberóns M e F
- 12:27 Nacid@s 2016-2017-2018 Pre-Biberóns M e F
- 12:30 Andaina Curta 3 km
- 13:30 Entrega trofeos



IX CARREIRA DA AUGA UNICEF SADA 29 de setembro do 2019



- INSCRICIÓNS

As inscricións de adultos, Sub18/20, Sub16, Sub14, Sub12, Sub10 e prebenxamíns realizaranse exclusivamente en:

www.championchipnorte.com

Os prebiberóns, biberóns, andaina longa e andaina corta ademais de en www.championchipnorte.com poderán inscribirse na cafetería Rincon de Burgos (c/Oleiros 1-3, Sada) e no restaurante CasaPueblo (restaurante do Hotel Alda Sada Marina, Avd da Marina s/n) ata o sábado 28 de setembro ás 15:00, ou o mesmo día da carreira ata ½ hora antes da proba.

Por tratarse dunha carreira solidaria en beneficio de Unicef, as inscricións terán un donativo de 6 € para os das carreiras de 5 e 10 km e para as andainas de 11 e de 3 km. Os Sub18/20 terán un custe de 4 €, e para os nenos (de Prebiberón a Sub16) terá un custe de 3 €. Estes prezos son validos ata o mércores 25 de setembro as 23:59. A partir do Xoves 26 as 00:00 ata o domingo 29 as 9:30 as inscricións dos nenos de Prebenxamin ata Sub16 e os das carreiras de 5km e 10km de Sub18/20 ata Master terán un custo de 30€. Os biberóns e prebiberón e as andainas custaran o mesmo.

Ademais de forma voluntaria, existe a posibilidade de facer donativos adicionais desde 1 a 50 €, sempre a favor da causa de UNICEF.

A cronometraxe farase con chip desde a categoría pre-benxamín ata os master.

As andainas non son competitivas polo que non haberá clasificación.

Os non propietarios de chip amarelo deberán abonar 1 € en concepto de aluguer.

Os prebiberóns, biberóns e andainas se poderán inscribir o mesmo día da proba na carpa habilitado para iso ata ½ hora antes da carreira ou ata finalizar as existencias de dorsais).

- INSCRICIÓNS EQUIPOS no 10.000

Para inscribivros como equipos tedes que poñer o nome do equipo na opción editable do formulario de inscrición (para que a inscrición de equipos sexa válida o nome do equipo que figure na inscrición ha de ser o mesmo para todas as inscricións que formen equipo).

Cada equipo debe ter un capitán, que é o encargado de crear o equipo e de enviar e xestionar as invitacións no mesmo.

Un capitán poderá enviar invitacións aos distintos inscritos dunha competición así como revogar invitacións que non son correctas.

A mecánica é moi sinxela, o capitán creará un novo equipo e enviará as invitacións aos distintos inscritos para que participen no seu equipo especial.

Para máis información: championchipnorte.com/axuda-equipos


Lembra que puntúan os 3 primeiros mozos e as 3 primeiras mozas chegados a meta

- AVITUALLAMENTO E DUCHAS

A metade de percorrido, no km 5 aproximadamente haberá un posto de avituallamento onde se repartirán augas.

Ao finalizar a proba dispoñeráse de duchas no pavillón municipal de Sada. O pavillón está situado a 1,4,km da saída.

Podedes ver a localización e o percorrido en [Google Maps](#)





IX CARREIRA DA AUGA UNICEF SADA 29 de setembro do 2019



- **RECOLLIDA DE DORSAIS:**

Dorsais de carreiras con chip (Prebenxamín ata Master)

Ponderase recoller os dorsais o Venres 27 e o sábado 28 de 10:00 a 14:00 e de 17:00 a 21:00 na tenda **BASE: TODODEPORTE da Coruña** (Calle Payo Gómez 11, entorno da praza de Lugo, A Coruña)

Todo aquel que recolla o seu dorsal na tenda terá un desconto do 10% da compra efectuada. Este desconto non será acumulable a outras ofertas ou promocións e será válido unicamente para o día da recollida do dorsal.

O mesmo día da proba nas carpas habilitadas o efecto no lugar da saída. Ata 30' antes do inicio de cada competición. Recomendase chegar con antelación suficiente para evitar colas de última hora.

Para a recollida de dorsais poderase exixir a presentación do DNI ou documento oficial que acredite a identidade.

Biberóns, Prebiberóns e Andainas:

O mesmo día da proba ata media hora antes, nas carpas habilitadas para o efecto no lugar de saída.

- **CONTROL DE CHEGADA:**

A proba será controlada pola Federación Galega de Atletismo.

A cronometraxe correrá a cargo da Empresa ChampionChipNorte.

Deberase colocar o chip no nocello ou zapatilla. A incorrecta colocación do mesmo ou a perda do mesmo no transcurso da carreira implica o non rexistro no sistema á chegada, e por tanto a exclusión da clasificación final.

Non se admiten reclamacións de corredores que entrasen en meta sen o chip.



IX CARREIRA DA AUGA UNICEF SADA 29 de setembro do 2019



Todas as persoas inscritas na proba deberán devolver o chip ao finalizar a mesma. A non devolución ou perda implica o pago do mesmo, 20 euros, así como o non dereito a recibir agasalho e aparecer na clasificación.

Ao longo do percorrido, a organización establecerá os controis que estime oportunos, estando autorizados para retirar a calquera corredor que cometa algunha irregularidade ou desobediencia aos voluntarios encargados do control da proba.

Os puntos quilométricos estarán sinalizados ao longo de todo o percorrido.

- **CLASIFICACIÓN POR EQUIPOS no 10.000**

Ao realizar a inscrición de maneira individual, poderase facer tamén por equipos. O único requisito será que o equipo estará composto como mínimo por 3 mozos e 3 mozas. Non hai número máximo de membros por equipo.

Para que compute na clasificación deberán chegar a meta polo menos 3 mozos e 3 mozas. Os 3 primeiros mozos de cada equipo e as 3 primeiras mozas achegarán os puntos para a clasificación. Cada membro suma os puntos equivalentes ao posto de chegada: o primeiro suma un punto, o segundo dous,... Gaña o equipo que menos puntos somen os 6 compoñentes (3 mozos e 3 mozas). En caso de empate a posición da primeira moza desfai o empate.

Haberá premios para os 3 primeiros equipos na carreira de adultos.

Non é necesario que sexan federados, pode haber equipos de peñas, amigos, etc.

- **CLASIFICACIÓN MELLOR ATLETA DO ANO no 10.000**

Coa intención de motivar a participación e o espírito de superación principalmente dos corredores principiantes, premiarase aos atletas que **máis mellorasen a súa marca con respecto ao mellor tempo obtido en calquera das edicións da carreira da auga.**

Haberá trofeo/medalla para os 3 mellores atletas do ano masculino e feminino. Tomarase como referencia a mellor marca obtida en algunha das edicións da Carreira da Auga por tanto só poderán optar a este premio os corredores que participasen nalgunha das 8 edicións anteriores.

Para obter a clasificación, restarase o mellor tempo de edicións anteriores, o tempo deste ano. Os atletas que máis mellorasen serán os gañadores. Os 3 mozos



IX CARREIRA DA AUGA UNICEF SADA 29 de setembro do 2019



que máis baixasen o seu tempo serán os gañadores masculinos e ídem para as 3 mozas.

Exemplo

Juan Pérez Pérez fixo en 2014 55'30", e en 2019 52'30", a súa mellora é de 3 minutos.

Pepe García García fixo en 2018 34'30", e en 2019 33'30", a súa mellora é de 1 minuto.

Juan mellorou 3 minutos, e Pepe só mellorou 1, por tanto Juan gaña a Pepe.

- TROFEOS E PREMIOS:

10.000 mts e nenos:

Publicaranse os resultados provisionais no taboleiro oficial da zona de meta. A partir dese momento ábrese un período de reclamacións de 30 minutos. Pasado este período, non se admiten reclamacións. A organización publicará entón a clasificación definitiva.

Recibirán medalla todos os nenos participantes ata categoría Biberón.

Grazas ao acordo entre CAS, EMALCASA e Cerámicas Sargadelos, de prebenxamíns en diante (inclusive) os primeiros clasificados recibirán un magnífico trofeo de cerámica deseño Sargadelos, e os segundos e terceiros recibirán medalla de cerámica deseño Sargadelos co seu estoxo. Na categoría absoluta recibirán trofeo os 3 primeiros masculino e feminino



Recibirán **trofeo/medallas os 3 primeiros atletas de cada categoría** (excepto biberóns e prebiberóns), tanto en homes como mulleres.

Recibirán **trofeo/medallas o atleta e a atleta máis veteranos**, chegados a meta, masculino e feminino. Este trofeo poderá ser acumulativo con outro da súa categoría.



IX CARREIRA DA AUGA UNICEF SADA 29 de setembro do 2019



Recibirán trofeo/medallas os primeiros clasificados do municipio de Sada, masculino e feminino. . Este trofeo poderá ser acumulativo con outro

Haberá premio para o Club con máis participantes na carreira exceptuando ao Club Atletismo Sada (nenos desde Prebenxamín ata adultos)

Haberá trofeo/medalla para os 3 primeiros equipos na carreira de adultos.

Haberá trofeo/medalla para os 3 mellores atletas do ano masculino e feminino.
. Este trofeo poderá ser acumulativo con outro

Haberá trofeo para os 3 primeiros clasificados da carreira de 10 km masculino e feminino, Categoría Absoluta.
Este trofeo **NON** é acumulativo.

5.000 mts:

Recibirán trofeo/medallas os 3 primeiros atletas de cada categoría (Sénior, Master A e Master B), tanto en homes como mulleres.

Haberá trofeo para os 3 primeiros clasificados da carreira de 5.000mts masculino e feminino, Categoría Absoluta.
Este trofeo **NON** é acumulativo.

Poderase esixir o DNI para a entrega de trofeos.

Farase entrega dos mesmos ao finalizar as probas.

Os gañadores dos trofeos deberán estar presentes na entrega dos mesmos, e deberán achegarse á zona de podio uns minutos antes do comezo de entrega.

Durante a entrega de trofeos, entre os participantes na carreira de 10.000 mts e 5.000 mts , sortearase varios regalos por xentileza de Soria Natural, Todo Deporte e Hospital Quirón e Naelec.

É imprescindible estar presente no momento do sorteo. Se non está presente sacarase outro número ata que apareza o premiado. (Para participar no sorteo, os dorsais depositaranse nunha caixa á entrada do salón de actos xusto antes da entrega de premios. Na caixa indicase "ADULTOS")



IX CARREIRA DA AUGA UNICEF SADA 29 de setembro do 2019



Durante a entrega de trofeos, entre os participantes nas carreiras de nenos sortearanse distintos agasallos doados por Todo deporte.

É imprescindible estar presente no momento do sorteo. Se non está presente sacarase outro número ata que apareza o premiado. (Para participar no sorteo, os dorsais depositaranse nunha caixa á entrada do salón de actos xusto antes da entrega de premios. Na caixa indicase "NENOS")

Os participantes na Andaina recibirán á hora de recoller o seu dorsal unha rifa que terán que depositar á entrada do salón de actos na caixa que poña "ANDAINA" para poder participar no sorteo agasallos doados por Todo Deporte e Soria Natural


É imprescindible estar presente no momento do sorteo. Se non está presente sacarase outro número ata que apareza o premiado.



NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licencia de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow 13 – 15008 A Coruña.

- PERCORRIDOS

Biberóns e Prebiberóns 100 m



Prebenxamíns e Sub10 1 volta 350 m

Sub 12 e Sub14 2 voltas 700 m







IX CARREIRA DA AUGA UNICEF SADA 29 de setembro do 2019



10.000 mts



5.000 mts





IX CARREIRA DA AUGA UNICEF SADA 29 de setembro do 2019



A organización **non se fai responsable** dos danos morais que a si mesmo ou a outras persoas ocasionen os participantes desta carreira.

A ORGANIZACIÓN CONTA CUN SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E ACCIDENTES CONFORME Á NORMATIVA EN VIGOR.

A organización resérvase o dereito de admisión.

A organización resérvase o dereito de modificar este regulamento se as circunstancias así o aconsellasen, avisando na medida do posible

As reclamacións poderanse efectuar ao Xuíz Árbitro da proba, de maneira verbal ata 30' despois da exposición dos resultados. O non recollido neste regulamento recollerase de acordo á normativa da FGA, RFEA e IAAF por esta orde.

A participación leva a total aceptación do regulamento desta proba.

Soamente permítese aos membros da organización a utilización de vehículos para o seguimento da proba, estando rigorosamente prohibido o acompañamento dos participantes mediante o uso de vehículos de axuda, sendo motivo de descualificación.

A proba contará co apoio de Policía Local de Sada, así como de voluntarios do Club Atletismo Sada.

Os resultados publicaranse nas webs do Club Atletismo Sada, www.clubatletismosada.com, na web de Championchipnorte.com, en Carreiras Galegas e na da FGA.

Todo participante, ao formalizar a súa inscrición, está a autorizar a publicación dos seus datos persoais necesarios para o desenvolvemento da proba, xa sexa nas listaxes oficiais, en medios de comunicación e/ou internet, así como, o seu uso para o envío de información relativa ao evento, incluídas posteriores edicións. Igualmente autoriza a que as imaxes recabadas (fotografía ou vídeo) se poidan utilizar de forma atemporal en calquera publicación ou acción publicitaria, co único fin de promoción e difusión do evento. Cada participante é responsable da veracidade dos datos proporcionados na súa inscrición, e consente que devanditos datos incorpórense a un ficheiro automatizado, do que é responsable o Club Atletismo Sada. O titular dos datos terá dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos previstos na Lei orgánica 15/1999 do 13 de Decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.